

NORMATIVA DE UTILIZACIÓN DO LABORATORIO COMPLEMENTARIO DO CITI

Na reunión do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do día 12 de febreiro de 2014, foi aprobada unha modificación das tarifas do CITI para o devandito ano. En concreto incluíuse un novo epígrafe correspondente á “utilización do Laboratorio complementario”.

Esta normativa, aprobada na reunión da Comisión Xestora do CITI do día 21 de marzo de 2014, pretende fixar as normas, os dereitos e os deberes, das empresas ou grupos que fagan uso de dito laboratorio.

Artigo 1. Para a utilización do Laboratorio complementario, o grupo ou empresa solicitante deberá cubrir o impreso que a tal efecto atopará na web do CITI. En dita solicitude especificarase: a duración da utilización solicitada, a persoa responsable da solicitude e o tipo de traballo ou actividade, que se vai realizar en dito laboratorio. No impreso deberá figurar, de xeito expreso, que o solicitante coñece esta normativa e se compromete a cumprila.

Artigo 2. O solicitante poderá trasladar a dito laboratorio equipamento da súa propiedade, sempre e cando informe á dirección deste feito e reciba a correspondente autorización. Exclúense desta obriga: o material de oficina e o material funxible e non tóxico.

Admítese o correo electrónico como medio de comunicación válido a estes efectos. Neste caso, cómpre solicitar unha confirmación da recepción do mesmo.

A dirección do CITI poderá opoñerse a instalación ou ao traslado de equipos ou materiais que puideran supoñer un perigo ou non se adapten ás normas legais pertinentes.

Artigo 3. Cando o período de utilización sexa inferior a 3 meses, o pago poderá efectuarse ao finalizar dito período de utilización. Para duracións superiores faranse pagos periódicos, como mínimo cada tres meses.

Artigo 4. Na solicitude indícarase a duración da utilización, coa posibilidade de aplicar unha renovación automática ata que calquera das partes solicite a rescisión. A empresa ou grupo solicitante deberá facelo cunha antelación mínima dun mes. De ser a dirección do CITI a que solicite a rescisión, deberá facelo con tres meses de antelación, para permitir ao solicitante finalizar as investigacións ou proxectos en curso.

Artigo 5. O grupo ou empresa solicitante comprométese a empregar este laboratorio para os fins exclusivos indicados na solicitude. Calquera modificación neste senso debera ser autorizada pola dirección do CITI.

Artigo 6. O grupo ou empresa solicitante deberá informar, á dirección do centro, das persoas que van a traballar habitualmente neste laboratorio. Calquera outra persoa poderá visitar o laboratorio, pero sempre acompañada.

Artigo 7. O grupo ou empresa solicitante comprométese a cumprir as normas de seguridade pertinentes, e a colaborar coa dirección do centro nas tarefas de inspección que sexan precisas.

Artigo 8. Mentres dure o contrato, ningunha persoa allea ao grupo ou empresa adxudicataria entrará no laboratorio, salvo para tarefas de limpeza, inspección ou mantemento, ou en caso de urxencia demostrable. No resto dos casos, solicitarase a pertinente autorización ao responsable do laboratorio.

Disposición transitoria. Actualmente, están instalados en dito laboratorio algúns equipos que non puideron, aínda, ser trasladados á Planta piloto. En tanto non se poda completar dito traslado, solicitarase ao grupo ou empresa adxudicataria que nos faciliten o acceso aos mesmos. En todo caso, accederase sempre no horario indicado polo responsable do grupo ou empresa e en presenza do persoal propio da mesma. Estes equipos trasladaranse o antes posible e, en todo caso, nun período máximo de 6 meses.